

See discussions, stats, and author profiles for this publication at: <https://www.researchgate.net/publication/353369127>

Nina Cassian: traxectoria variable e personalidade constante

Article · June 2021

CITATIONS
0

READS
23

1 author:



Adina Vladu

University of Santiago de Compostela

12 PUBLICATIONS 1 CITATION

SEE PROFILE

Some of the authors of this publication are also working on these related projects:



Translation studies [View project](#)

Nina Cassian: traxectoria variable e personalidade constante

Adina Ioana VLADU¹

Universitatea din București

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela

RESUMO. O obxectivo deste estudo é ofrecer aos lectores en lingua galega unha aproximación á poesía da poeta romanesa Nina Cassian, nunca antes traducida ao galego. Proponémonos expoñer brevemente a traxectoria da autora, presentar as características máis recoñecibles da súa poesía, reflexionar sobre os seus temas recorrentes e, finalmente, propoñer versións en galego de dez poemas representativos, escollidos das dúas etapas principais da creación literaria da autora: entre os anos 60 e 80 en romanés, e a partir de 2008 en inglés. As traducións incluídas neste traballo son versións de poemas escritos, na meirande parte, en romanés, coa excepción de dous textos que se corresponden á fase final de creación da poeta, nos Estados Unidos, traducidos desde o orixinal inglés. Os textos en romanés que escollemos foron incluídos nas antoloxías *Spectacol în aer liber* (2008) e *Versuri* (2018), e os textos en inglés foron publicados no volume *Take My Word for It* (2008).

PALABRAS CHAVE. Nina Cassian, poesía romanesa, tradución.

ABSTRACT. This paper aims at approximating Galician readers to the poetry of Romanian poet Nina Cassian, never before translated into Galician. We briefly present the poet's biography and career, introduce the most characteristic traits of her poetry, reflect on her recurring themes and, finally, propose Galician versions of ten representative poems published in two main stages of the author's creation: from the sixties to the eighties in Romanian, and starting from 2008 in English. The translations here included are versions of poems written mainly in Romanian, except for two texts from the final stage of the poet's creation in the USA, translated from the English original. The Romanian originals were included in the anthologies *Spectacol în aer liber* (2008) and *Versuri* (2018), and the English texts were published in the volume *Take My Word for It* (2008).

KEYWORDS. Nina Cassian, Romanian poetry, translation.

A poeta romanesa Nina Cassian (nada Renée Annie Cassian-Mătășaru) naceu o 27 de novembro de 1924 en Galați, cidade da provincia histórica de Moldova, bañada polo río Danubio. Aos dous anos trasládase xunto á súa familia á transilvana cidade de Brașov, onde vivirá a súa infancia. Esta cidade, na que convívían romaneses, alemáns, húngaros e xudeus, coa súa mestizaxe de culturas, linguas e relixións, marcará á futura poeta (ela mesma

¹ A autora agradece aos revisores deste traballo os seus valiosos comentarios e suxestións.

dunha familia xudía), que desta maneira se formará nun ambiente multicultural e multilingüístico:

Movíame entre todos estes pobos tan diferentes, aprendendo as súas linguas e facendo amigos. Non sería esaxerado dicir que este ambiente tan ecléctico moldeou o meu sentido «internacionalista», sen deixarme esquecer o carácter específico de cada pobo [...] e protexéndome de calquera prexuízo e intolerancia².

En Braşov comeza tamén a educación multiartística da poeta: baixo a influencia dos seus pais, persoas con pouca formación convencional, pero apaixonados da música e da literatura (especialmente o pai, espírito lúdico que alentou a imaxinación da filla), aos cinco anos escribe o seu primeiro poema e compón a primeira peza musical, un valse. Serán dúas das liñas fundamentais da vida de Nina Cassian, que máis tarde se dedicará tanto á literatura como á composición musical.

Aos 11 anos da poeta, a familia trasládase a Bucarest, onde comezará un período de precariedade debido á falta de traballo do pai, acompañado dunha tempada de cambios físicos para a adolescente Nina, que ela chamaría máis tarde «(a miña) transfiguración» e que definiría tanto a súa aparencia, como a súa forte personalidade e a súa voz poética dunha cirúrxica lucidez, que se reflicte no seu incisivo «Autoportret» / «Autorretrato»:

Fadáronme levar este rostro triangular,
un estraño pan de azucre, ou talvez
o figurón da proa dun barco pirata a navegar
e a longa cabeleira dunha lunar palidez.

Fadáronme levar esta forma incongruente
no meu vagar constante, sen parar,
e agrido as retinas dos outros transeúntes
coa afiada sombra que deixo ao pasar [...]³.

Despois da tormentosa adolescencia, tamén marcada polos cambios políticos no país (o movemento lexionario e a ditadura militar fascista de Ion Antonescu, a segunda guerra mundial, seguida pola entrada de Romanía na esfera de influencia da Unión Soviética), Nina Cassian comeza un período que está baixo o signo de dúas sereas que a atraerán en igual medida no plano das ideas e dos ideais, pero que na práctica resultarán contraditorias: na poesía, a influencia do surrealismo francés e do hermetismo do poeta romanés Ion Barbu e, no plano ideolóxico, o comunismo, naquela época un movemento fóra da legalidade.

² «I moved among all these different peoples, learning their languages and making friends. It is not too farfetched to think that it was this eclectic background that molded my internationalist feeling, never allowing me to lose a sense of the specific character of the respective peoples [...] and protecting me from any prejudices and chauvinist narrow-mindedness» (Cassian, *apud* Smith 1989: XIX).

³ «Mi-e dat acest obraz triunghiular, ciudat, / această căpătână de zahăr, sau această / figură pentru prora vapoarelor-pirat / și părul lung, lunar, pe țeastă. // Mi-e dat să plimb un agresiv contur / rătăcitor, din noapte până-n ziuă, / rânind retina celor dimprejur / când proiectez pe ziduri ființa-mi incongruă [...]» («Autoportret», Cassian 2018: 57).

Entre os anos 1944 e 1947 Cassian comeza a publicar traducións e poemas baixo diferentes pseudónimos, e en 1947 publica o seu primeiro poemario, *La scara 1/1 (Á escala de 1/1)*, unha colección de poemas «á vez tenros e cáusticos, lúcidos, irónicos, xocosamente surrealistas, paródicos na súa evocación de Freud, Ion Barbu ou Poe»⁴. O título do poemario é visionario, pois tamén será unha definición da poética de Nina Cassian, en cuxa obra a vida aparece retratada con todos os detalles, «á escala de 1/1», malia que non se trate dunha reprodución da realidade obxectiva, senón, na maneira surrealista, do mundo interior (Ștefănescu 2003: 10).

Non obstante, no final do ano 1947 e o comezo do 1948 na sociedade romanesa estábanse a producir profundas transformacións debido á instauración do goberno comunista de influencia soviética de Gh. Gheorghiu-Dej. O Estado pasou a asumir o control total sobre a economía e a cultura, impondo así a adaptación dos creadores de cultura á nova realidade social. Xa que logo, un poemario con influencias surrealistas non podía ter un bo recibimento. Seguindo unha serie de duras críticas no xornal do partido comunista romanés (*Scântea*) a grandes poetas como Tudor Arghezi, tres artigos sucesivos publicados no mesmo xornal atacan a poesía da novísima Cassian, caracterizada como «decadente», «formalista» e «intelectualista». «Era o comezo da “obsesionante década” con temáticas impostas, coa prohibición das metáforas e de calquera intento de fuxir dun vocabulario pobre, coa escusa de que era “para que o pobo puidese entendelo”»⁵.

Como consecuencia destes ataques, pero tamén da súa lealdade aos ideais socialistas, a poeta renuncia ao estilo que caracterizaba a súa primeira publicación e, ao longo de case dez anos, dedicárase a escribir poemas realista-socialistas, convencionais e pobres tanto na linguaxe como na construción. Non obstante, a forza creativa e o espírito lúdico de Nina Cassian non conseguirían sempre confinarse aos estándares da poesía de inspiración *Proletkult*, polo cal as metáforas prohibidas volverían atraerlle críticas. Un poema teoricamente dentro da liña imposta polo Partido, en que Cassian retratara a Lenin escribindo sentado á súa mesa, mentres a luz filtrada a través da xanela transformaba o seu tinteiro nunha gran lámpada azul, causou un verdadeiro escándalo. A poeta foi acusada de usar a Lenin como pretexto, só para poder escribir sobre o tinteiro e a luz azul (Smith 1989: XXI).

Ata a fin da década dos 50, a fantasía e imaxinación de Cassian redirixíranse cara a outros tipos de obras artísticas, «máis difíciles de controlar»⁶, como a composición musical e a literatura infantil. En 1957, non obstante, «as palabras que desprezara e desterrara volveron a min pouco a pouco. [...] Despois foi como unha avalancha —un libro tras outro—.

⁴ «Cassian’s first volume of poetry [...] was at once tender and caustic, lucid, ironical, playfully surrealist, parodical evocation of Freud, Ion Barbu, or Poe» (Golopentia 1991: 219).

⁵ «Se instala “obsedantul deceniu” cu teme obligatorii, cu interzicerea metaforelor și a oricărei evadări din vocabularul pauper, chipurile “pe înțelesul poporului”» (Cassian & Firan 2014: 17).

⁶ «În acea perioadă funestă, îmi găseam refugiul în compoziția muzicală (mult mai greu de controlat) și în, de pildă, basmul pentru copii [...] (în acest domeniu mai erau îngăduite metaforele sau evadările în fantezie)» (Cassian & Firan 2014: 18).

E, novamente, a poesía»⁷. Este período de rexurdimento creativo está motivado, en gran parte, polos cambios acontecidos no sistema político de Romanía. Os anos 60 son o escenario dun relaxamento político⁸ marcado, desde a metade da década, pola primeira etapa do réxime de Nicolae Ceaușescu, que promove medidas populistas e un distanciamento fronte á Unión Soviética. Para Cassian, o cambio político tradúcese nunha grande diversidade de publicacións, incluída unha reedición do seu primeiro poemario⁹. Durante a década dos 70, a poeta continuará a escribir, traducir e publicar tanto poesía como literatura infantil cunha similar prolifricidade malia que a xanela de liberdade da que gozaban os escritores da época comezara novamente a pechase.

En 1985, no medio da terceira etapa da ditadura de Ceaușescu, co país sumido nunha crise profunda que acabaría na fin violenta do réxime comunista en Romanía, Nina Cassian atópase cunha igualmente profunda crise persoal. Tras a morte do seu principal compañeiro de vida, o crítico literario A. I. Ștefănescu, recibe finalmente o permiso para viaxar como profesora invitada aos Estados Unidos, á New York University. Non obstante, durante a súa estadía en Nova York, chégalle desde o país a nova de que estaba sendo investigada pola policía secreta romanesa, a temida *Securitate*. Un íntimo amigo seu, o enxeñeiro Gheorghe Ursu, anotara no seu diario conversacións subversivas e poemas satíricos escritos por Cassian en contra do ditador. Detido pola *Securitate* como consecuencia dunha denuncia, interrogado e torturado, Ursu falecería pouco tempo despois no cárcere. Desde aquel momento, para Nina Cassian non habería ningunha posibilidade de retorno ao país: os seus libros son prohibidos, o seu apartamento e todas as súas pertenzas que deixara en Bucarest, requisados. A poeta vese obrigada a solicitar asilo político nos EUA, onde permanecería o resto da súa vida.

Como tantos outros na súa situación, ata a caída da ditadura de Ceaușescu Nina Cassian foi completamente borrada da historia literaria do país. Os seus libros —incluída a súa literatura infantil— foron retirados da circulación e todas as referencias a ela desapareceron das antoloxías, dos libros de texto e das revistas literarias. No prefacio do primeiro poemario de Cassian traducido ao inglés e publicado nos Estados Unidos ao principio de 1989, o poeta e tradutor William Jay Smith observaba: «Neste momento, [en Romanía, Nina Cassian] é unha non-persoa: ela non existe. Como nun dos seus poemas, o taboleiro foi completamente borrado»¹⁰.

⁷ «Words I had banished and despised came back to me little by little. [...] Then it was an avalanche — books, books, books, one after another. And again, poetry» (Cassian, *apud* Smith 1989: xxii).

⁸ «We had five wonderful years from 1965 to 1970. We enjoyed an amazing freedom, and we all used this freedom to write as we wished» (Cassian, *apud* Smith 1989: xxii).

⁹ *Vârstele anului* (1957), *Dialogul vântului cu marea* (1957), *Spectacol în aer liber. O monografie a dragostei* (1961, 1974), *Sărbătorile zilnice* (1961), *Să ne facem daruri* (1963), *Disciplina harfei* (1965), *Sângele* (1966), *Destinele paralele* (1967), *La scara 1/1* (2.^a ed., 1967), *Ambitus* (1969), *Cronofagie* (1970), *Recviem* (1971), *Marea conjugare* (1971), *Loto-poeme* (1972), *O sută de poeme* (1974), *Suave* (1977), *De îndurare* (1981), *Numărătoarea inversă* (1983), *Jocuri de vacanță* (1983).

¹⁰ «At present she is a non-person; she does not exist. As in one of her poems, the tables have been wiped clean» (Smith 1989: xxiii).

Non obstante, nos Estados Unidos Nina Cassian non tardaría a ser recoñecida como poeta e publicar versións en inglés en importantes revistas (*The New Yorker*, *American Poetry Review*, *New England Review*), seguidas por varios poemarios publicados no mundo anglofalante, tanto nos EUA como na Gran Bretaña¹¹, primeiro en tradución e despois en colaboración tradutolóxica entre a autora e tradutores consagrados. Finalmente, na súa última década de creación, a poeta atopa a súa voz poética en inglés, coa mesma riqueza, ludicidade e expresividade que na súa lingua materna.

Gradualmente, despois de 1989 Romanía tamén volve recordar a poeta, malia que a poesía conformista publicada entre 1948 e 1956 nunca lle foi perdoada. «Outrora moi de moda, parece que agora a inconstante poeta quedou fóra dos libros, non só porque hai moitos anos que vive nos EUA, senón tamén porque a nova crítica a ve como definitivamente perdida entre as dunas do deserto realista-socialista»¹², escribiu o crítico Nicolae Manolescu en 2014, nun artigo suxestivamente titulado «O poetă (aproape) uitată» / «Unha poeta (case) esquecida» (Manolescu 2014).

Xa que logo, poucas novas publicacións de Nina Cassian saen do prelo en Romanía despois de 1989. En 1993 publícase unha antoloxía cuxa preparación se vira interrompida nos anos 80 polo repentino exilio da poeta (*Cearta cu haosul*); entre 2003 e 2005 ven a luz da imprenta as súas *Memorias* en tres tomos, e en 2008 reedítase a antoloxía *Spectacol în aer liber. O altă monografie a dragostei*. Nina Cassian falece o 15 de abril de 2014, en Nova York, e postumamente publicárase un volume xunto coa máis nova poeta Carmen Firan, nun formato innovador de entrevista-diálogo poético-antoloxía¹³, e unha antoloxía poética (*Versuri*, ed. Florea Firan, 2018).

A TRADUTORA

Unha faceta importante da personalidade calidoscópica de Nina Cassian é a tradutolóxica que, xunto coa musical, representou unha vía de escape para a poeta na década dos 50. Boa coñecedora do francés e do alemán, traduce obras de teatro de Molière, poemas de Guillevic, Bertolt Brecht, Cristian Morgenstern, Paul Celan e, de forma indirecta, a Iannis Ritsos e Maiakovski. Despois do seu exilio, traduce do inglés obras teatrais de Shakespeare e finalmente chega a producir versións inglesas dos seus propios poemas, antes de escribir

¹¹ *Blue Apple* (1981, traducido por Eve Feiler), *Lady of Miracles, Poems by Nina Cassian* (1982, traducido por Laura Schiff), *Call Yourself Alive?* (1988, traducido por Andrea Deletant e Brenda Walker), *Life Sentence: Selected Poems* (1990, editado por William Jay Smith), *Cheerleader for a Funeral* (1992, traducido por Brenda Walker e Nina Cassian), *Take My Word for It* (1998, con traducións de Nina Cassian e poemas orixinais en inglés), e *Continuum* (2008).

¹² «Cândva foarte la modă, inconstanta poetă pare astăzi ieșită din cărți, și nu numai din cauza faptului că trăiește de ani buni în SUA, dar și din cauză că noua critică o vede definitiv rățacită printre dunele de nisip ale deșertului realist-socialist» (Manolescu 2014).

¹³ *Dialogul vântului cu marea*, que debe o seu título a un poema (e un poemario) de 1957 de Nina Cassian.

directamente nesta lingua, na etapa final da súa vida. Unha mención aparte ha de facerse no caso das traducións ao romanés da poesía de Paul Celan, publicadas nun volume conxunto con versións de Petre Solomon, outro amigo íntimo do poeta bucovino. Unidos polo que chegou a chamarse «unha gran fidelidade», Cassian e Celan compartían sólidos coñecementos de lingua e cultura alemás, similares gustos poéticos e gozaban de participar en xogos surrealistas como «preguntas e respostas» ou «Joaquim», unha variante bucarestina do «*cadavre exquis*» de Breton¹⁴.

Outra conexión tradutolóxica importante realízase entre a romanese e o poeta bretón Guillevic, resultando en dous poemarios: unha tradución ao romanés dos poemas Deste autor, publicada en 1977, seguida por unha tradución ao francés feita por Guillevic dos poemas de Cassian, que se publicará no volume bilingüe *Virages / Viraje* en 1978.

A POETA

A continuación analizaremos algúns dos trazos máis significativos da poética de Nina Cassian, deténdonos nunha serie de motivos recorrentes na súa poesía, e acabando cunha breve presentación do seu corpus de poemas máis experimental, os poemas en «lingua *spargă*».

Imaxes radiográficas da propia alma

A poesía de Nina Cassian cativa pola súa vitalidade, sensualidade e incluso brutalidade de imaxes nús e claras, captadas como por unha cámara fotográfica no medio dunha explosión de luz. Como expresou o poeta e tradutor William Jay Smith,

Nina Cassian chéganos, aínda en tradución, como unha poeta dunha extraordinaria amplitude e vitalidade. Os seus precursores son evidentes dende o primeiro momento: á vez que é modernista, bebendo da tradición dos poetas franceses que, a través de T.S. Eliot e Ezra Pound, axudaron a cambiar a poesía do século XX en Inglaterra e nos EUA, ela tamén é sen dúbida un produto do seu propio país, Romanía. A súa poesía ten algo das liñas claras e das texturas sorprendentemente simples do seu compatriota, Brâncuși. [...] A variedade da súa obra e o seu espírito cómico lembran o teatro do absurdo do seu outro compatriota, Ionesco.

¹⁴ «Paul était fasciné par la personnalité de Nina Cassian, et dans cette fascination entraînait également une bonne part de crainte. S'il y avait de grandes différences entre Nina et Paul, elles trouvaient leur source aussi bien dans leurs biographies que dans leurs tempéraments respectifs, ce qui ne les empêchait ni de communiquer ni de communier, sous le signe d'une profonde parenté spirituelle. [...] Quant à l'amitié de Paul avec Nina, j'ajouterais qu'elle s'était renforcée sur la base du respect réciproque qu'ils avaient pour leurs talents littéraires. Les connaissances solides de la langue et littérature allemande de Nina faisaient d'elle une interlocutrice avisée et compétente dans un domaine où Paul était comme un poisson dans l'eau. Ses traductions de Kästner et de Morgenstern étaient des merveilles de rigueur. Ils avaient presque les mêmes goûts poétiques: Apollinaire, Desnos, Éluard, Essénine, Rilke, Arghezi, Ion Barbu» (Solomon, *apud* Rotiroti 2007: 201).

Os temas da súa poesía son eternos: amor e perda, vida e morte, e ela exprésaos cunha urxencia que é igual de rara como é emocionante (Smith 1989: xv)¹⁵.

Temas como o amor de parella, a paixón erótica, pero tamén o amor pola vida e pola lingua, a natureza (cunha marcada preferencia polo mar e en xeral pola auga) e o tempo son tratados con sorprendente lucidez, como «gravados con láser» ou «imaxes radiográficas da propia alma» (Ștefănescu 2003). Trátase dunha lírica na que a converxencia da implacable lucidez, da fantasía sen límite e da sensibilidade aguda tradúcese en imaxes sorprendentes nas que obxectos e situacións concretas da vida cotiá vibran con intensidade e autenticidade: «Ti es ergueito e afiado coma un puñal / cravado na carne do segundo que se detivo» («Sonetele iubirii împlinite III»)¹⁶.

Nos poemas que tratan da vivencia do amor, as palabras materialízanse a través do corpo e das súas sensacións. Todo o que se percibe do mundo cáptase a través do corpo, e a poeta recorda constantemente este feito biolóxico aos seus lectores. Nun movemento que vai desde o corpo cara o universo, desde o concreto cara o abstracto, a carne do amado tórnase material para unha antoloxía: «Vou facer unha antoloxía dos movementos da [túa] man» («Iubitul cel prost»)¹⁷ e sobre os seus silencios pode construírse unha cidade: «Tiñas un silencio sobre o que eu podía construír unha cidade» («Scrisoare III»)¹⁸.

A presenza do amado, hiperbolizado en tigre solar (Cassian 2008: 23)¹⁹, faise notar en todos os obxectos e actos da vida cotiá:

Vaia onde vaia e faga o que faga,
que os teus ollos amarelos se deteñan moi preto,
que os sorba nun vaso, que os morda na froita,
que os vexa na cuberta dun libro,
na lúa, na miña coxa esquerda,
no sono do sábado a noite e en todo o demais.

¹⁵ «Nina Cassian comes to us, even in translation, as a poet of tremendous range and vitality. We are at once aware of her antecedents: a modernist, nurtured on those French poets who, through T. S. Eliot and Ezra Pound, helped to change the shape of twentieth-century poetry in England and in America, she is at the same time very much the product of Romania. Her poetry has something of the clear line and the strikingly simple texture of her countryman, Brancuși. [...] There is great variety to her work and a comic spirit that recalls the theater of the absurd of her other countryman, Ionesco. Her themes are eternal, love and loss, life and death, and they are communicated with an immediacy as rare as it is compelling» (Smith 1989: xv).

¹⁶ «Tu ești tăios și drept ca un pumnal / înfipt în carnea clipei stătătoare» (Cassian 2008: 75).

¹⁷ «Voi scoate o antologie a mișcărilor mâinii» (Cassian 2008: 151).

¹⁸ «Aveai o tăcere pe care puteam construi un oraș» (Cassian 2008: 145).

¹⁹ O tigre é unha referencia constante na poesía de Nina Cassian, como animal totémico, símbolo da vitalidade e do erotismo sen freo, malia que sen perder a tenrura. De feito, o título dun dos máis coñecidos e amados libros infantís da poeta -que tamén pode lerse en clave de alegoría política- poderíase traducir como *A historia de Ninigra e Aligre, dous cachorros de tigre (Povestea a doi pui de tigru, numiți Ninigra și Aligru)*, e xoga cos nomes da propia poeta e de A. I. Ștefănescu, o seu compañeiro de vida.

O mundo é sensorial ata o extremo, compartindo desta maneira o universo de sensacións hiperaumentadas do máis novo Nichita Stănescu²⁰. En «Ispita» / «A tentación» (Cassian 2008: 34), o mundo recreáse sensual e vital a través dos sentidos. Como Lilith, a amada promete coñecemento pleno que só pode obterse a través da vivencia do amor:

Prometo facerte sentir máis vivo
que nunca antes.
Por primeira vez verás os teus poros
abrirse
como bocas de peixes e poderás escoitar
o rumor do teu sangue nas galerías
e sentirás a luz ao deslizarse polas túas córneas
cal cola de vestido [...]
Prometo facerte sentir tan vivo que
[...] os teus recordos parezan comezar
na xénese do mundo.

A vivencia do amor é, xa que logo, o fío condutor da poética de Nina Cassian. O encontro dos amantes, hiperbolizados en figuras naturais como o vento e o mar, é un evento de proporcións cósmicas:

Fibras de auga tenso ao me erguer
Co amor nun cantar!
Fluída e alta saio do meu leito
Para ser vento, para ser vento!²¹

A revelación da beleza do amado, o momento da epifanía, transforma e electriza os obxectos da vida cotiá, adquirindo as proporcións dunha catástrofe natural:

Ah, espántasme: como es fermoso! [...]
Os teus ollos fan pulsar o aire,
e electrizan todo o que hai na casa;
ábrense os caixóns, e a alfombra
flúe coma un río tormentoso²².

As imaxes da auga como símbolo da vida, ben en forma de chuvia, fonte, mar, río, xeo, desxeo, ou té en ebulición, flúen a través da poesía de Cassian. A seca é a ausencia do amor («Rompiches o anel dourado / co cal me fixera noiva da seca»²³); a chamada do amor

²⁰ «Mâinile mele sunt îndrăgostite, / vai, gura mea iubește, / și iată, m-am trezit / că lucrurile sunt atât de aproape de mine, / încât abia pot merge printre ele / fără să mă rănesc».

«As miñas mans están namoradas, / oh, a miña boca ama, / e, de súpeto, paréceme / que todas as cousas están tan preto de min / que apenas podo navegar entre elas / sen mancarme» (de Nichita Stănescu, «Vârsta de aur a dragostei», publicado no volume *O viziune a sentimentelor*, 1964).

²¹ «Mă tulbur... Mușchi de apă-ncordez / De dragoste, cânt! / Fluidă, înaltă, din albie ies / să fiu vânt, să fiu vânt!» («Dialogul vântului cu marea», Cassian 2018: 50).

²² «Ah, mă înspăimânt: ești prea frumos! [...] / Ochii tăi continuați în aer / curentează lucrurile casei, / se deschid sertarele, covorul / curge ca un râu, pe scări în jos» («Îți mulțumesc», Cassian 2008: 9).

²³ «Ai rupt inelul de aur / care mă logodise cu seceta» («Omul care-aduce ploaie», Cassian 2008: 14).

fai o mar saír do leite, tensar «músculos de auga» e erguerse fluído para transformarse en vento, ou provoca un desxeo mundial que enche o aire de paxaros, transforma as fontes en xinetes que baixan dos montes cabalgando sobre troncos de árbores e rompe «o iceberg azul da soidade»²⁴; o burbullar da auga para o té traza unha «zona dourada» e ilumina con luz de ámbar a mesa onde a poeta escribe («Ferve a auga para o té, / o meu eido dourado, / o meu ámbar puro e incandescente. // [...] Escribo á luz do té»²⁵); o propio eu poético, inundado polo amor, disólvese («Toquite / cunha man de auga. / Chameite / cunha boca de auga»²⁶). Finalmente, a unión erótica dos amantes é representada como unha vital chuvia mitolóxica: «Borlas de auga penden das puntas dos meus dedos. / Tronos tenros percórrenos»²⁷.

A música do máis alá²⁸

A dimensión musical de Nina Cassian é facilmente discernible na súa poesía, non soamente pola musicalidade da súa métrica e rima, senón tamén pola sinestesia omnipresente nos seus versos, que establecen sorprendentes conexións entre son, luz e tacto. No poema «Miracol» / «Milagre», o canto do amado sonoriza a luz e á vez tórnaa material, coma un tecido:

Era unha cantiga pura e florida,
tornando en son a luz dentro das copas,
trazando suaves círculos no ceo
cubriendo de prata o meu vestido azul²⁹.

Similarmente, no poema «Ritual», as ondas do mar vólvense transparentes, sonoras e sólidas coma anacos de xeo: «Entro no mar, escoito o tintinar dos sons transparentes»³⁰.

²⁴ «Dacă m-ai chema, ar zvâcni / o mie de păsări în colivii; / o mie de uși s-ar da în lături / și s-ar umple văzduhul de păsări / și - ca legătura de chei a pământului - / ar zângăni apele sub mâinile vântului / și s-ar vesti dezghețul pretutindeni! / Izvoarele-ar căpăta călcâie și pinteni / și-ar începe să călărească la vale / pe trunchiuri de copaci, peste pietrele aspre și goale; / sloiul albastru al singurății s-ar sparge în hâu - / tu, dezghețul meu, soarele meu!» («Dezgheț», Cassian 2008: 39).

²⁵ «Fierbe ceaiul, / zona mea de aur, / chihlimbarul meu pur și fierbinte. // Pot să fii singură. / Știu să fii singură. // Scriu la lumina ceaiului» («Intimitate», Cassian 2018: 25).

²⁶ «Cu o mână de apă / te-am atins. / Cu o gură de apă / te-am strigat» («Strigătul», Cassian 2008: 99).

²⁷ «Ciucuri de apă îmi spânzură la vârful degetelor. / Tunete blânde călătoresc prin noi» («Omul care-aduce ploaie», Cassian 2008: 14).

²⁸ «The Music Beyond», título dun poema e dunha sección do poemario *Take My Word for It* (2008).

²⁹ «Era un cântec înflorit și pur, / sonorizând lumina din pahare, / tăind suave cercuri în văzduh / și argintându-mi rochia albastră» («Miracol», Cassian 2008: 82).

³⁰ «Intru în mare, ciocnind sunete / transparente [...]» («Ritual», Cassian 2008: 33).

A hora dos xogos³¹ e a lingua cunha única falante

A dimensión lúdica é outra constante que define a poética de Nina Cassian. «O xogo é un instinto, unha necesidade. Implica candor, inxenuidade, fantasía. En certo momento tamén xorde do xogo o apetito para a poesía, para as palabras» (Cassian, en Cassian & Firan 2014: 12)³². A lucidez da poeta, dobrada polo seu espírito lúdico influenciado pola poesía surrealista, dá lugar a metáforas inesperadas, cargadas desde un sutil matiz de humor ata unha cortante ironía³³. O poema «Spaima» / «O medo», que describe en ton grave a soidade temerosa dunha lebre no medio dun campo deserto, remata imprevisiblemente cunha conclusión seca: «Xamais chegou a perder o medo nato. / Pola noite, ás agachadas, foi comida polo gato»³⁴. Noutros versos, a luz que inunda un espazo compárase de forma surrealista cunha «cunca de té onde explotara unha abella».

Con humor negro (o que os anglo-saxóns chamarían *gallows humour*, o humor do condenado á morte), a propia poeta fai exercicios de autoironía que raia na crueldade, tanto en relación ao seu aspecto físico (como quedara evidente no seu «Autorretrato» xa citado), como aos seus estados anímicos ou ás súas vivencias. En «Dialogul meu cu dictatura» / «O meu diálogo coa ditadura», a amarga conclusión sobre a oposición poética ao réxime que a levou a exiliarse é que «A miña protesta lingüística / non ten ningún poder. / O inimigo é analfabeto»³⁵. Ou retrátase a poeta en «Locul se cedează bătrânilor și bolnavilor» / «Cédase o asento aos maiores e aos enfermos»:

Viaxaba de pé
e, aínda así, ninguén me cedeu o asento,
malia que fose polo menos mil anos maior ca eles,
malia que levase visibles na miña pel as marcas
de, cando menos, tres graves enfermidades:
o Orgullo, a Soidade e a Arte³⁶.

Os xogos lingüísticos de Nina Cassian chegan á súa máxima expresión no poemario *Loto-poeme* (1972), no cal, inspirada polos xogos surrealistas e polo poema de Lewis Carroll, «Jabberwocky» (do cal Cassian fai unha excelente tradución ao romanés), publica textos escritos nun idioma baseado na estrutura morfosintáctica da lingua romanese, pero cuxa función é puramente evocativo-expresiva, pois, a diferenza de Carroll, a poeta non

³¹ «Ora de joc», título dun poema publicado no volume *Loto-poeme* (1972).

³² «Jocul e un instinct și o necesitate. El presupune candoare, inocență, fantezie. La un moment dat se naște din joc și apetitul pentru poezie, pentru cuvinte» (Cassian, en Cassian & Firan 2014: 12).

³³ O crítico A. Ștefănescu comentaba así a ludicidade de Cassian: «O demo do sarcasmo [...] téntaa [...] a matizar ironicamente ata as expresións máis solemnes, co aire inocente dunha nena que debuxa anteollos sobre as imaxes dos reis nos libros de historia» (Ștefănescu 2003: 11).

³⁴ «Nici n-a apucat să-i treacă frica. / Noaptea, l-a mâncat pe-ascuns pisica» («Spaima», Cassian 2018: 42).

³⁵ «Protestul meu lingvistic / n-are putere. / Dușmanul e analfabet» («Dialogul meu cu dictatura», Cassian & Firan 2014: 131).

³⁶ «Călătoream în picioare / și, totuși, nimeni nu-mi oferit locul, / deși eram cu cel puțin o mie de ani mai bătrân decât ei, / deși purtam, vizibil, semnele a cel puțin trei grave beteșuguri: / Orgoliul, Singurătatea și Arta» («Locul se cedează bătrânilor și bolnavilor», Cassian 1966).

elabora un glosario de termos da nova lingua, deixando a interpretación libre. A nova linguaxe poética recibirá o nome de *limba spargă* (vocábulo inventado por Cassian a partir do verbo romanés *a sparge*, que significa ‘quebrar’, ‘romper’, neste caso normas, interpretacións e significados preestablecidos). Trátase, pois, dunha «comedia da linguaxe poética, pero tamén dun momento de lirismo auténtico, creado con medios metalexicaís» (Ștefănescu 2008: 753).

Cassian realzará o potencial expresivo da lingua *spargă* empregándoa en formas clásicas (sonetos) ou populares (imprecacións, aturuxos, baladas populares e cánticos de voda). A poeta non abandonaría este xogo lingüístico ao longo de toda a súa traxectoria, chegando inclusive a inventar unha versión inglesa («*English Spark*»).

CONCLUSIÓN

A pesar dunha traxectoria moi variable, a universalidade da realidade concreta poetizada e transformada na creación de Nina Cassian demostra sen dúbida a súa personalidade constante. É por esta razón por que desexamos que a súa obra estea dispoñible para un público máis amplo, para o cal un primeiro paso son as versións en galego que seguen a continuación.

VOIAM SĂ RĂMÂN ÎN SEPTEMBRIE

*Voiam să rămân în septembrie
pe plaja pustie și palidă,
voiam să mă-ncarc de cenușa
cocorilor mei nestatornici
și vântul greoi să-mi adoarmă
în plete ca apa-n năvoade;
voiam să-mi aprind într-o noapte
figara mai albă ca luna,
și-n jurul meu - nimeni, doar marea
cu forța-i ascunsă și gravă;
voiam să rămân în septembrie,
prezentă la trecerea timpului,
cu-o mână în arbori, cu alta-n
nisipul cărunt – și să lunec
o dată cu vara în toamnă...
Dar mie îmi sunt sorocite,
pesemne, plecări mai dramatice.
Mi-e dat să mă smulg din priveliști
cu sufletul nepregătit,
cumdat mi-e să plec din iubire
când încă mai am de iubit...*

QUERÍA FICAR EN SETEMBRO

*Quería ficar en setembro
na praia deserta e pálida
quería encherme das cinsas
das grúas viaxeiras, inconstantes
que o vento pesado no meu pelo
durmise coma a auga nas redes;
quería acender unha noite
o cigarro máis branco cá lúa
sen ninguén ao redor, só a mareira
e a súa forza secreta e grave;
quería ficar en setembro
testemuña ao paso do tempo,
cunha man sobre as árbores e a outra
na area agrisada — e escorrerme
da man do verán no outono...
Mais para min, polo visto, as partidas
han de ser máis dramáticas sempre.
Foime dado deixar as paisaxes
coa alma querendo ficar,
como tamén hei deixar os amores
cando aínda quería amar...*

Adina Ioana Vladu

INTIMITATE

Pot să fiu singură.
Știu să fiu singură.
E un acord tacit
între creioanele mele
șicopacii de-afară,
între ploaie,
și părul meu străveziu.
Fierbe ceaiul,
zona mea de aur,
chihlimbarul meu pur și fierbinte.
Pot să fiu singură.
Știu să fiu singură.
Scriu la lumina ceaiului.

MIRACOL

Și, înfrumusețat de dragoste,
ai început să cânti... Alături stam,
privindu-ți buzele sunătoare.
Era un cântec înflorit și pur,
sonorizând lumina din pahare,
tăind suave cercuri în văzduh
și argintându-mi rochia albastră.
Era un cântec foarte cunoscut,
dar nou născut pe buza ta amară,
încât m-a turburat nespus de mult,
și-am plâns cu fruntea îngropată-n cântec.

OMUL CARE-ADUCE PLOAIE

Tu ești omul care-aduce ploaie.
Brațele tale îmi curg de-a lungul trupului,
privirea ta îmi clătește gâtul,
gura ta face să-mi crească la șold
o floare umedă, albastră.
Ai rupt inelul de aur
care mă logodise cu seceta,
inelul de aur uscat
gravat cu spin de cenușă.
Neliniștea recoltelor îmi umflă pieptul.
Ciucuri de apă îmi spânzură la vârful degetelor.
Tunete blânde călătoresc prin noi.

ISPITA

Îți făgăduiesc să te fac mai viu decât ai fost
vreodată.

INTIMIDADE

Podo estar soa.
Sei estar soa.
Hai un acordo tácito
entre os meus lapis
e as árvores de fóra,
entre a chuva
e os meus cabelos transparentes.
Ferve a auga para o té,
o meu eido dourado,
o meu âmbar puro e incandescente.
Podo estar soa.
Sei estar soa.
Escribo á luz do té.

MILAGRE

E, coa beleza do amor no rosto,
rompiches a cantar... Alí estaba eu,
mirádoche o resoar dos beizos.
Era unha cantiga pura e florida,
tornando en son a luz dentro das copas,
trazando suaves círculos no ceo
cubríndo de prata o meu vestido azul.
Era unha canción tan familiar,
malia tan nova na túa boca amarga,
que, cunha indíctible emoción,
chorei deitada sobre a túa cantiga.

O HOME QUE TRAE A CHUVIA

Ti es o home que trae a chuva.
Os teus brazos corren como auga polo meu corpo,
a túa mirada refréscame a gorxa,
a túa boca fai brotar na miña cadeira
unha húmida flor azul.
Rompiches o anel dourado
co cal me fixera noiva da seca,
o anel de ouro seco
gravado coas espiñas da cinza.
Ínchame o peito a inquietude das colleitas.
Borlas de auga penden das puntas dos meus dedos.
Tronos tenros percórrennos.

A TENTACIÓN

Prometo facerte sentir máis vivo
que nunca antes.

*Pentru prima oară îți vei vedea porii
deschizându-se
ca niște boturi de pești și-ți vei putea asculta
rumoarea sângelui în galerii
și vei simți lumina lunecându-ți pe cornee
ca trena unei rochii; pentru prima oară
vei înregistra înșepătura gravitației
ca un spin în călcâiul tău,
și omoplații te vor durea de imperativul
aripilor.*

*Îți făgăduiesc să te fac atât de viu, încât
căderea prafului pe mobile să te asurzească,
să-ți simți sprâncenele ca pe două răni
în formare
și amintirile tale să-ți pară că încep
de la facerea lumii.*

TIGRULE

*Nu e nevoie să faci săritura cea mare.
E destul să mă privești cu ochi galbeni.
Oriundemăduc, orice-aș face,
ochii tăi galbeni să-mi încremenească aproape,
să-i sorb în pahare, în fructe să-i mușc,
să-i văd pe coperta de carte,
în lună, pe coapsa mea stângă,
în somnul de sâmbătă noaptea și așa mai departe.*

*De-atâția ochi galbeni, să-mi pun
ochelarii de soare, să-mi trag peste cap
păturaneagră a mării –
dar tu, nu mișca. Doar atât:
să mă privești cu ochi galbeni.*

LENTO

*În timp ce coboram, frunzele se măreau,
verdele, hrănit de respirația noastră,
se umfla, se rotunjea fabulos,
nervurile uriașe, elastice ca niște arcane,
se încolăceau în jurul soarelui.
Era un aer dens, aglomerat,
o armonie ecuatorială,
care ne transforma
în doi enormi coconi aurii
suprasaturați de dragoste.*

Por primeira vez verás os teus poros
abrirse
como bocas de peixes e poderás escoitar
o rumor do teu sangue nas galerías
e sentirás a luz ao deslizarse polas túas córneas
cal cola de vestido; por primeira vez
notarás o punzar da gravitación
como unha espiña no calcañar,
e doeranche as omoplatas polo imperativo
das ás.

Prometo facerte sentir tan vivo, que
a caída da voaxa sobre os mobles te enxordeza,
que sintas as sobrecellas coma dúas feridas
en expansión
e que os teus recordos parezan comezar
na xénese do mundo.

OU, TIGRE

Nin falta fai que deas o gran salto.
Só basta que me mires cos teus ollos amarelos.
Vaia onde vaia e faga o que faga,
que os teus ollos amarelos se deteñan moi preto,
que os sorba nun vaso, que os morda na froita,
que os vexa na cuberta dun libro,
na lúa, na miña coxa esquerda,
no sono do sábado a noite e en todo o demais.

Que haxa tantos ollos amarelos que eu deba
poñer anteollos de sol e cubirme a cabeza
co manto escuro do mar —
mais ti, ti nin te movas. Nada máis:
só que me mires cos teus ollos amarelos.

LENTO

Baixabamos, e no noso descenso as follas crecían,
o verde alimentado polo noso alento
enchíase, fabulosamente redondo,
os inmensos nervios, elásticos coma lazos,
enredábanse arredor do sol.
O aire estaba denso e cargado
dunha harmonía ecuatorial,
que nos transformaba
en dúas enormes crisálides douradas
sobresaturadas de amor.

Adina Ioana Vladu

DIALOGUL MEU CU DICTATURA

*O vocală curată
e dimineața mea,
latină pronunție
în murmurul timpului confuz.
Cu silabe raționale
Încerc să limpezesc mâlul ocult
și violența promiscuă.
Protestul meu lingvistic
n-are putere.
Dușmanul e analfabet.*

ENDANGERED SPECIES

*Like in the old song:
the way you eat an apple,
the way you play chess,
the way your hands caress
my interior life
(a fingernail or two scratching my ego),
the way you count to three,
the way your eyes turn into
blue, transparent scars on your face -
'No, no, they can't take that away from me!'*

*That's why I go on inventing you
(as I invent myself)
hoping we'll appear together
in the guidebook of an apocryphal explorer,
heading the chapter
'Endangered Species'.*

ARS POETICA - A POLEMIC

*I am I.
I am personal.
I am subjective, intimate, private, particular,
confessional.
All that happens
happens to me.
The landscape I describe
is myself...
If you're interested
in birds, trees, rivers,
try reference books,
don't read my poems.
I'm no indexed bird,
tree or river,
just a registered Self.*

O MEU DIÁLOGO COA DITADURA

Unha vogal pura
é a miña mañá,
latina pronuncia
entre os murmurios dun tempo confuso.
Con sílabas de pura razón
intento aclarar o lodo escuro
e a violencia promiscua.
A miña protesta lingüística
non ten ningún poder.
O inimigo é analfabeto.

ESPECIES EN EXTINCIÓN

Como na vella canción:
o xeito en que comes unha mazá,
o xeito en que xogas ao xadrez,
o xeito en que as túas mans acarían
a mina vida interior
(ás veces unha unlla rabúñame o ego),
o xeito en que contas ata tres,
o xeito en que os teus ollos tórnanse
cicatrices azuis e transparentes no teu rostro:
«Non, non, non poderán quitarme todo iso!»

Por iso sigo inventándote
(como tamén me invento a min)
esperando que saiamos xuntos
no libro apócrifo dun explorador,
encabezando o capítulo
«Especies en extinción».

ARS POETICA: UNHA POLÉMICA

Eu son eu.
Son unha mesma.
Son subxectiva, persoal, privada, particular,
intimista.
Todo o que acontece
acontécceme a min.
A paisaxe que describo
son eu mesma...
Quen queira saber
de paxaros, árbores, ríos
que busque nas enciclopedias,
nos meus poemas non.
Eu non son nin paxaro clasificado,
nin árbore nin río,
só un Eu rexistrado.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CASSIAN, N. & C. FIRAN (2014): *Dialogul vântului cu marea. Nina Cassian în conversație cu Carmen Firan*. Popești-Leordeni: Cărțile Tango.
- CASSIAN, N. (1966): *Sângele*. București: Editura Tineretului.
- CASSIAN, N. (1972): *Loto-poeme*. București: Editura Albatros.
- CASSIAN, N. (1990): *Life Sentence. Selected poems*. London: Anvil Press Poetry.
- CASSIAN, N. (2008): *Take My Word for It*. London: Anvil Press Poetry.
- CASSIAN, N. (2008): *Spectacol în aer liber: o altă monografie a dragostei*. București: Cărțile Tango.
- CASSIAN, N. (2018): *Versuri*. Antologie de Florea Firan. Craiova: Fundația-Editura Scrisul Românesc.
- GOLOPENTIA, S. (1991): "Nina Cassian". En: K. M. Wilson (ed.): *An Encyclopedia of Continental Women Writers*, vol. 1. Taylor & Francis. New York / London: Garland Publishing, vol. 1, 217-9.
- MANOLESCU, N. (2014): "O poetă (aproape) uitată". *România Literară* 6, 3. En liña: <http://www.romlit.ro/index.pl/o_poet_aproape_uitat>. Consulta 18/11/2020.
- ROTIROTI, G. (2017): "Le don de l'amour et de l'amitie du poeme. Les envois de Paul Celan a Nina Cassian". *Studia UBB Philologia* LXII/2, 197-212. DOI:10.24193/subbphilo.2017.2.14.
- SMITH, W. J. (1989): Preface to Nina Cassian: *Life Sentence. Selected poems*. London: Anvil Press Poetry, xv-xxiii.
- ȘTEFĂNESCU, A. (2003): "La o nouă lectură: Nina Cassian". *România Literară* 13, 10-1. En liña: <http://www.romlit.ro/index.pl/nina_cassian>. Consulta 18/11/2020.
- ȘTEFĂNESCU, A. (2008): *Istoria literaturii române contemporane 1941-2000*. București: Editura Mașina de scris.